


David Pobra gaña o Concurso de Novela Curta de Ribeira con 'A liña azul'

Xullo 10, 2013 | Sección: Novas, Portada |



David Pobra

David Pérez González, coñecido no mundo literario como **David Pobra**, vén de gañar a cuarta edición do Concurso de Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira. A súa novela *A liña azul* obtivo o favor do xurado e grazas a ela o seu autor recibirá 3.000 euros en metálico e verá garantida a publicación da obra nos vindeiros meses.

David Pobra (A Pobra do Caramiñal, 1981) é licenciado en filoxolía galega e hispánica e na actualidade traballa na Universidade de Granada. Entre as súas obras figuran os libros de poemas *Poesía primeira de amor, desamor e arrefriado* (premio Gzcrea, 2008) e *Poesía segunda de amor*

desamor e sinusite (premio Xuventude Crea 2009).